



M<sup>a</sup> DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-portavoz do grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), no Concello de Ribeira, presenta a seguinte MOCIÓN diante do Pleno da Corporación Municipal en relación coas plantas “semisotos”.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O artigo 150.2, Ordenanza 1<sup>a</sup> do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ribeira establece como “uso admisible: Terciario de Comercio, Oficinas e Hostalería, Industriais no nivel de talleres que non superen os umbrais de compatibilidade domésticos e Dotacións de Interese Social, unicamente en plantas baixas e primeira”. En base a este punto do PXOM, no que quedan excluídos do uso admisible Terciario os semisotos, a Xunta de Goberno Local está denegando Licencias de apertura de establecementos nestas plantas.

Esta situación significa deixar fora de ordenación á planta semisoto (recollida, por outra parte, no Art.93 das citadas Ordenanzas), o que afecta aproximadamente a uns 80 locais, que contan coa oportuna Licenza ao seren construídos ao amparo da normativa vixente no seu momento, antes da aprobación do PXOM, con graves prexuízos tanto para o tecido comercial de Ribeira, en xeral, como para os/as arrendatarios/as dos actuais locais comerciais e para os/as propietarios/as dos mesmos, en particular, sen entrar a valorar a perda do valor patrimonial para estes/as últimos/as como consecuencia desta aplicación do actual PXOM.

Mesmo as persoas afectadas consideran que a denegación de licenzas nestas plantas supón a aplicación da normativa municipal de forma arbitraria e discriminatoria, ao existir numerosos baixos comerciais en peores condicións para cumprir as normas de accesibilidade, Incendios e outras, e con licenza de apertura posterior á aprobación do PXOM, o que supón, ao seu entender, agravios comparativos e a vulneración do principio de igualdade recollido na Constitución.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita o apoio da Corporación Municipal para a adopción do seguinte

### ACORDO:

Que o Goberno Municipal realice os trámites oportunos para que sexa permitido o uso admisible Terciario nas plantas semisoto, feitas ao amparo da normativa vixente, antes de ser aprobado o PXOM de Ribeira, sen prexuízo do cumprimento das condicións que establece a actual lexislación.

Ribeira, 15 de outubro de 2009

Asdo.: M<sup>a</sup> Dominga Brion Sanmiguel

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA